

FORMIGAS NO PETO

Intérprete: **Carlos Rebolo**

Dramaturxia: **Ana Carreira e José Campanari**

Dirección: **José Campanari**



No seu segundo espectáculo, Formigas no peto, Ítaca Teatro afonda na capacidade do teatro para comunicar e transmitir emocións e dá un paso máis na experimentación con códigos contemporáneos. Deste xeito, embárcase nunha creación colectiva cunha dramaturxia propia, realizada por Ana Carreira e José Campanari, baseada no traballo de narrador e de improvisación do protagonista, Carlos Rebolo.

Carlos, Carliños, Capi... conta, sinte, viaxa por momentos e lugares da súa infancia que é, nin máis nin menos, a súa patria. As súas lembranzas aparecen mesturadas con personaxes do cotián, que aportan outra mirada á súa historia, e imaxes icónicas do cine ou da literatura, que evocan soños e pesadelos e mesmo poderían ser unha metáfora da súa propia vida. Estes fragmentos de memoria viaxan no lombo das formigas que se agochan no seu peto e que, de cando en vez, transitan o corpo na procura de emocións.

Tres linguaxes artísticas convivindo en escena

Formigas no peto é un espectáculo que mestura o contar historias de viva voz, o teatro de actor e o teatro de imaxe.

Formigas no peto mergúllanos na infancia, como cerne do noso ser, a través da memoria do protagonista, unha memoria que en parte podería ser a nosa, porque nela danse a man o individual e o colectivo, o que nos fai únicos e o que nos vencella cos demais.

Intérprete: Carlos Rebolo
Dramaturxia: Ana Carreira e José Campanari
Música orixinal: David Alonso Garzón
Espazo sonoro: Fx Foley
Iluminación: Satcom
Fotografía e vídeo: Juan Rivas
Deseño de escenografía: A E R P
Realización de escenografía: Teo García
Deseño e confección de vestuario: Attacare bottone
Dirección: José Campanari

Deseño gráfico: La Cosa Gráfica
Produción: Producións Artísticas Ítaca S.L.

Duración: **80 minutos**
Público: **adulto**
Caché: **1.089€**
Caché + técnica: **1.573€**
(impostos incluídos)

Distribución e Comunicación

Carlos Iglesias 604 046 270 · distribucion@itacateatro.com
www.itacateatro.com · Doutor Gasalla 18, baixo. 27004 Lugo